



# Teatro de Ningures representará O Ogrocho



**VENRES 11 DE MARZO ÁS 20:00 H**

**Público infantil e familiar \* Non recomendada a menores de 6 anos**

**CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"**

**Organiza: Concellería de Cultura do Concello de Boiro e AGADIC**

**SINOPSE:** A Compañía Teatro de Ningures representará O Ogrocho

- A obra representa a historia dun pequeno ogro que vive só coa súa nai nunha casa no medio dun tupido bosque, apartado da comunidade. O día en que empeza a ir á escola e ve a outros nenos descobre a súa **diferenza**, non só no seu tamaño, senón tamén no seu instinto: é o fillo dun ogro que a súa nai amou de forma apaixonada.
- O Ogrocho, cos seus seis anos, a súa forza extraordinaria e a súa terrible herdanza, intenta reconciliarse coa súa parte oculta, dominar os seus instintos nun intento de parecerse aos demais.. Para elo ten que superar tres probas....
- Este relato negro e tenro inspírase nos contos tradicionais e está escrito coa finura e intelixencia da gran autora para público infantil, **Suzanne Lebeau**.
- **O Ogrocho** aborda moitos e variados conceptos: a superación, a imaxinación, o amor, a natureza humana, a valentía, a moral, o lúdico da vida, a morte, a violencia, a represión, o abandono, a mentira, a soidade e o engano.
- Ao expoñer as polaridades de dous personaxes fai que non os situemos como bos ou malos, senón como a seres complexos e cheos de emocións, de maneira que pode así mostrarse unha boa síntese da vida.